
No Comité da Coruña os números cantan

Cando se aproximan as eleccións sindicais vemos como se nos enche a caixa do correo tódolos días con comunicados das forzas sindicais que nos presentamos a estas eleccións. Prometer o que se vai facer é moito máis doado que dar conta do que se ten feito.

Dende as eleccións sindicais de 2011 o Comité de Empresa da Coruña celebrou 45 plenos ordinarios e 3 extraordinarios, nas súas correspondentes actas recóllese a presentación de 37 propostas:

- CIG: 28 propostas (máis do 75% das propostas foron realizadas por nós)
- UGT: 4 propostas (unha delas conxunta con CCOO)
- AST: 3 propostas
- CCOO: 2 propostas (unha delas conxunta con UGT)
- CGT: 0 propostas

O traballo no Comité é moito máis que levar propostas, defendelas e debatelas para conseguir sacalas adiante, pero estes datos dan unha idea do traballo de cada quen no propio Comité de Empresa. Das 28 propostas que fixemos conseguimos que se aprobasen 11, 16 foron rexeitadas e 1 foi adiada.

Das 16 propostas que nos rexeitaron, 8 pedían asembleas de Comité. Unha e outra vez CCOO e UGT foron limitando a participación dos traballadores e traballadoras, impedindo a celebración de asembleas nas que debater, informar e recoller a opinión de todos e todas. **Este dato deixa ben ás claras o modelo sindical que defende cada quen.**

Ademais do traballo no Comité, traballo que nós consideramos fundamental, tamén presentamos 68 escritos diante da empresa. Solicitamos información en 36 ocasións, nas que entendiamos que se nos negaba información necesaria para o noso traballo como representantes dos traballadores. Noutras 32 ocasións dirixímonos á empresa para reclamar, esixir ou denunciar situacións que nos parecía que vulneraban os dereitos dos traballadores e traballadoras.

Presentamos 3 denuncias na Inspección de Traballo e conseguimos que como Comité tamén se presentasen outras 3. Foi na Inspección de Traballo da Coruña onde se forzou á empresa a eliminar as disponibilidades de luns a venres en OdR, ao recoñecerse os riscos para a saúde dos traballadores (acumulación de horas de traballo, falta de descanso, nocturnidade...) que implica o acordo das disponibilidades asinado en Madrid.

Tamén estivemos no xulgado, conseguindo algunha sentenza favorable para os intereses dos traballadores e traballadoras.

Despois de cada Pleno do Comité ou de cada Comisión de Xestión (reunión do Comité coa empresa) enviamos a toda a plantilla o noso informe dando conta do que fixemos. Deixamos de realizar os informes do Comité Provincial de Seguridade e Saúde cando no 2011 CCOO e UGT decidiron repartirse entre eles os 6 delegados de Prevención.

O que recollemos neste comunicado son datos reais, concretos e verificables; onde se pode medir o traballo de cada quen. Dende a CIG insistimos na importancia de estar ben informados e iso pasa por coñecer a realidade.

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

A Coruña 6 de abril de 2015